

ROBOTICRA



C.R.A. VILABOA "CONSUELO GONZÁLEZ MARTÍNEZ"
CURSO 2019-2020

INDICE:

- 1.** Estudo inicial do centro. Características da comunidade educativa.
- 2.** Obxectivos xerais
- 3.** Metodoloxía
- 4.** Actividades
- 5.** Temporalizacións das sesións
- 6.** Estratexias de coordinación do profesorado
- 7.** Utilización e aproveitamento dos recursos existentes
- 8.** Organización dos espazo - temporal do centro
- 9.** Tratamento da diversidade, atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 10.** Plan de avaliación anual
- 11.** Medidas para difundir o proxecto entre a comunidade educativa en xeral

1. ESTUDO INICIAL DO CENTRO. CARACTERÍSTICAS DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

C.R.A.VILABOA "CONSUELO GONZÁLEZ MARTÍNEZ"

O Colexio Rural agrupado de Vilaboa. Consuelo González Martínez está situado no concello de Vilaboa na provincia de Pontevedra. Dito Concello ten unha superficie de 36,85 Km². Atópase ao sur da provincia de Pontevedra, na parte norte e oriental da ría de Vigo, pechando por occidente a enseada de San Simón. Tres das súas 5 parroquias, os dous cobres (Santa Cristina e Santo Adrán- onde se sitúan as Escolas de Barciela e Pousada), así como San Martiño de Vilaboa (Onde se sitúa a Sede do CRA e a Escola de Paredes), gozan da dobre condición de ser ribeirás e montesas.

Vilaboa limita ao norte co Concello de Pontevedra (onde se sitúan as Escolas de Bértola e Figueirido); ao sur coa ría de Vigo; ao leste novamente co de Pontevedra e ao Oeste cos de Marín e Moaña. A maior parte do seu territorio intégrase na chamada Península do Morrazo.

O C.R.A. de Vilaboa. Consuelo González Martínez consta de 7 unidades, todas elas espalladas polas distintas parroquias do concello: Bértola (1 aula), Figueirido (1 aula), Paredes (1aula), Barciela (2 aulas) e Pousada (2 aulas).

Vilaboa conta cunha poboación de arredor de 6000 habitantes . As ocupacións laborais preferentes son as actividades secundarias e terciarias, sobre todo na industria das cidades próximas, Vigo e Pontevedra. A agricultura destínase ao autoconsumo. O marisqueo de croque e ameixa, realizado maioritariamente por mulleres, o cultivo mariño de ostra e mexillón en bateas e o traballo en empresas derivadas (depuradoras e industrias conserveiras) constitúen unha importante fonte de ingreso.

A precariedade do transporte público coas vilas e cidades próximas constitúe un importante atranco para o desprazamento dos habitantes do municipio. Mentres municipios limítrofes como o de Moaña contan cunha liña de autobuses e outra de barcos de áxil periodicidade, os habitantes de Vilaboa deben aturar longas esperas de transbordos para achegarse a Vigo ou Pontevedra.

A poboación de Vilaboa está moi diseminada, xa que é un concello moi extenso, que non conta cun verdadeiro centro urbano, existindo unha diferenza entre a zona sur, " Os Cobres ", e a parte norte do concello, Bértola e Figueirido, quedando a parroquia de Vilaboa nun teórico centro onde están situadas o Centro de Saúde e o Concello. As parroquias con maior poboación son as de Vilaboa e San Adrián.

A poboación está bastante asentada, producíndose incorporacións ó noso centro de alumnos inmigrantes, na súa totalidade de orixe magrebí.

Na actualidade estanse a producir algúns cambios de residencia para fóra do concello, por mor de separacións dos pais.

Respecto á actividade laboral das nais e pais, na súa meirande parte realizan os seus traballos fóra do fogar. Son as nais as que se encargan dos coidados dos nenos e nenas, axudadas polas avoas e avós, e, cada vez máis , os pais vanse implicando na educación das súas fillas e fillos.

A estrutura familiar está formada polo pai, nai e fillos e tamén é habitual compartir a vivenda con outros membros da familia como avós , tíos e tías.

CONEXIÓN CON OUTROS CRAS. PROXECTO REDE DE ESCOLAS NA NUBE

No curso 2012-2013 ENTRAMOS a formar parte do proxecto "**Rede de escolas en Nube**" xunto con outros dous centros rurais agrupados que en total comprenden 22 escolas unitarias nas provincias de Ourense, Coruña y Pontevedra:

1. *CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas"*
2. **CRA de Vilaboa "Consuelo González Martínez"**
3. CRA Nosa Señora do Faro - Ponteceso
4. CRA Amencer - Ribadavia

O [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (CESGA) e a empresa galega [Balidea Consulting and Programming](#) colaboraron no deseño, desenvolvemento e implementación dunha "**Rede de Escuelas na Nube**" baseada nas tecnoloxías e formas de traballo na nube (computación cloud) ao longo dos cursos 2012-2013 e 2013-2014. O proxecto de innovación educativa conta e sempre contou co apoio da Xunta de Galicia, ata tal punto quen no curso escolar 2015-2016 mudou cara ao servidor de AMTEGA que da cabida e servizo á NUBE, deixando polo tanto atrás os oporte do CESGA e a empresa Balidea que deixou o proxecto en xuño de 2014. "**Rede de Escolas na Nube**" é a continuación do proxecto de investigación "[Rural Schools & Cloud Computing](#)" que iniciouse no **CRA de Boqueixón-Vedra "Neira Vilas"** no 2010 e recibiu varios premios nacionais e internacionais.

O obxectivo xeral do proxecto é o deseño e validación dun produto tecnolóxico de alta calidade y baixo custe que permita a utilización das TIC presentes nas escolas rurais (PCs de sobremesa, portátiles, Encerados dixitais interactivos, canóns de vídeo, webcams...) de forma efectiva para a mellora do aprendizaxe e a colaboración en pequenas escolas rurais, baseada en soluciones cloud computing, virtualización e software libre.

A concepción do CRA como un só centro educativo mellorou cualitativamente en ambos centros grazas as posibilidades da NUBE no relativo de intercambio de información e comunicación entre profesorado e alumnado das distintas Escolas (Videoconferencia, mensaxería interna, Taboleiro, Faladoiro, Cartafoles compartidos...)

A nube no CRA de permitiu e permite:

- Avanzar na concepción do CRA como un só centro educativo e non como a suma das distintas escolas unitarias que o integran.
- Acadar unha metodoloxía de traballo cooperativa entre os mestres e mestras do CRA a través da NUBE.
- Situar os obxectos de aprendizaxe inmediatamente na internet a través da NUBE.
- Realizar materiais para traballar, tanto no centro como na casa, sen instalar nada no ordenador, independente do sistema operativo, hardware e navegador web.
- Crear actividades abertas, facilmente editables e modificables, actividades dixitais multimedia con LIM (Libros Interactivos Multimedia), contidos educativos para traballar na PDI.
- Editar vídeos para engadilos nas actividades e nos blogs de aula así como na NUBE.

Para o centro, o profesorado e máis o alumnado, a **NUBE** é un entorno de traballo, (un sistema operativo virtual) que se emprega nas escolas, na Sede e nas casas para acceder aos recursos, ferramentas e materiais educativos que compartimos, tanto entre profesorado, como co alumnado e as súas familias.

A nube supuxo unha revolución metodolóxica na forma de traballar e comunicarse no CRA, tanto para o alumnado como para o profesorado, titoras e mestres especialistas. Os contidos compartidos na nube, así como o taboleiro e a mensaxería interna na nube dos mestres resultan ser unhas excelentes canles de comunicación entre o profesorado que melloran e incrementan a coordinación, e por outro lado as videoconferencias, espertan o interese dos

nenos e nenas por ver e comunicarse a tempo real cos seus compañeiros da REDE, do propio CRA, dos CPIs ou inclusive doutros centros.

No referido á administración dos contidos das NUBES, existen dous administradoras en cada centro, a coordinadora TICs e a Directora. Encárganse das tarefas de administración como subir os contidos ás nubes dos nenos e nenas, dar de alta novos usuarios...

Todo isto leva a que o acceso as TIC por parte do noso alumnado é relativamente doado, así como o uso de forma cotiá nas súas casas, xa que soen ter ordenadores particulares na familia. Por outra os concellos ofertan dentro das súas actividades culturais o achegamento á informática.

Isto significa que cada vez máis os nenos/as empreguen as novas tecnoloxías con frecuencia pasando xa a un primeiro plano o uso de Tablets e smartphones, basicamente con un uso lúdico.

Un dos obxectivos precisamente deste proxecto é erradicar a idea do uso das novas tecnoloxías como xogo ou incluso como medio para entreter ao neno/a, se non coma unha potente ferramenta para crear un ambiente motivador e de concentración para os alumnos/as propicio para introducir, practicar, reforzar e ampliar contidos. **Pasar das TIC ás TAC (Uso das tecnoloxías para a aprendizaxe)**

E por iso que dende sempre ámbolos dous CRAS buscamos e presentamos proxectos onde a tecnoloxía cobraba importancia como mellora da práctica educativa dos docentes como no rendementos académico dos discentes.

Dado que dende o ano 2012 pertencemos ao proxecto "**REDE ESCOLAS NA NUBE**" que ten como obxectivo xeral o deseño e validación dun produto tecnolóxico de alta calidade e baixo custo que permita a utilización das TIC de forma efectiva para a mellora da aprendizaxe e a colaboración nos pequenos colexios rurais (**TAC**),

baseada en solucións de cloud computing, virtualización e software libre.

Cada vindeiro curso queremos avanzar un pouco máis no mundo das tecnoloxías e achegarnos a ese mundo que agora suscita tanto interese como é a robótica educativa. Foi a raíz de ir a varias xornadas e cursos de formación en ambos centros, onde se pretendía buscar na rede actividades de outros centros que xa a probaban os robots na aula, investigar pola nosa conta na internet,... onde vimos que era interese traballar a robótica na aula dende idades temperás.

Así foi como xurdiron nos nosos centros Proxectos de Formación en Centro (PFP) e Seminarios de Traballo sobre esta temática con relatores como Javier Zunzunegui, Noa Caamaño e Xurxo Cobelas Sobrino cos que aprendimos tipos de robots: Beebot, Escornabot, Legowedo,... e tamén distintas actividades feitas por eles nas súas aulas.

Xa no curso 205/2016 e no 2016/2017 mercamos algún robot para poñer en marcha nas nosas escolas algunhas actividades sinxelas para poñer aos nenos/as en cuestión. (**Beebots**)

E agora cando nos atrevemos con algo máis de fundamentación a por en marcha este proxecto porque creemos que o importante non é aprender robótica, que tamén, se non aprender coa robótica.

EN CANTO AOS ALUMNOS/AS:

O interese prioritario do noso proxecto é achegar ós nosos alumnos/as ás novas tecnoloxías dun xeito non só unicamente de uso lúdico, que tamén, senón que as empreguen como procura de información, contacto con outros nenos/as, coñecemento do seu entorno máis próximo, suscitar a motivación cara novos conceptos e espertar a súa curiosidade e interese.... Pedagogicamente, temos que ter en conta, que a nosa labor ten que tentar desenvolver persoas autónomas e autosuficientes, seguindo un proceso de crecemento harmónico e integral dentro da sociedade. Co cal as novas tecnoloxías non deben ser un factor descoñecido, senón algo habitual integrado na súa vida diaria. Actualmente aos nosos nenos/as sempre lle reviste respecto o uso destes novos coñecementos, o medo a “rompelo” sempre predomina, temos que erradicalo e que eles/as vexan por si mesmos/as a utilidade destas novas formas de comunicación e relación, rompendo ó mesmo tempo o illamento do medio rural e das catro paredes da súa casa. Tamén que vexan a estes novos integrantes da aula, “os robots”, non como xoguetes de radiocontrol e de comandos, se non como outro xeito de traballar ademais de cas cores, o lapis, a tablet ou o encerado dixital.

Tentaremos con aqueles máis maiores achegalos á linguaxe de programación dunha forma sinxela e que para eles sexa doado de entender para que despois cando teñan máis anos poidan ser auténticos programadores.

Outro dos fins polos que queremos poñer en marcha este proxecto é polos nenos/as con NEE. Todos e cada un dos nosos alumnos/as teñen necesidades educativas e todos/as son especiais dun xeito ou outro, estean ou non diagnosticados e estamos convencidos de que as novas tecnoloxías merman esas diferenzas, conseguen diminuír a falta de atención, calmar a impulsividade, conseguen máis comunicación entre o alumno e o mestre e combaten

a ansiedade, evidentemente sempre que esteamos preparados en cómo usar as ferramentas tecnolóxicas en prol disto, que non é doado pero tampouco imposible.

EN CANTO AO PROFESORADO:

Levaremos a cabo diversas actuacións en canto á reciclaxe do profesorado e posta a punto para ofrecer ao noso alumnado o mellor de nós.

Introdución ao uso dos robots, a linguaxe de programación a través de:

- ✓ Sesións formativas sobre esta temática.
- ✓ Apps infantiles de programación.
- ✓ Funcionamento dos robots educativos (beebot, doc, Cyber-robot, Jack the robot , Mio Robot....)

2. **OBXECTIVOS XERAIS**

- *Participar activamente no proxecto Roboticra*: participando no taboleiro, compartindo ligazóns, aportando ideas, buscando material educativo online, apps,...
- Introducir a robótica infantil na aula a través de apps educativas e outros métodos.
- Participar nos cursos, xornadas, ... que se leven a cabo no cole para ter un coñecemento máis profundo sobre o tema.
- Formarse en canto o emprego das novas tecnoloxías cos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC, facilitándolle o material necesario en cada trimestre.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais mediante videoconferencia entre as escolas ou mesmo outro centro.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.

- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través da ANPA do centro, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso da robótica educativa en especial e das TIC en xeral.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

3. **METODOLOXÍA**

Este proxecto levará a mesma liña metodolóxica que o resto das nosas programacións de aula xa que será un proxecto integrado en todas as áreas do currículo. Estamos a falar dunha metodoloxía baseada en catro principios metodolóxicos esenciais:

- Principio evolutivo: atenderá o desenvolvemento físico, mental, social, lingüístico, lúdico e moral de cada neno/a
- Principio de globalización: Partiremos da realidade próxima ao neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas que buscamos.
- Principio de actividade: Os nenos/as son activos por natureza e necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír eles mesmos/as os seus esquemas cognitivos.

- Principio de actividade lúdica: moi en consonancia coa anterior, o xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.

- Principio de liberdade: estará presente o respectar na medida do posible as iniciativas particulares dos nenos/as.

- Principio da actuación na zona de desenvolvemento próximo: seguindo as teorías de Vigotsky, nunca debemos de propoñer actividades que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, senón que o que buscamos é que eles/as vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros.

4. ACTIVIDADES

Distribuiremos as actividades en seis "áreas" diferentes:

ROBOLETRAS: as actividades desta área estarán baseadas na lectura e na escritura: composición de palabras, de identificación de nomes, búsqueda de conceptos, actividades de comprensión lectora,... tanto en galego coma en castelán

ROBONÚMEROS: como o seu nome indica trataremos actividades relacionadas co número: conteo, operacións numéricas, series, identificación de cantidades, comparacións de medidas, formas xeométricas,...

ROBOTIC: nesta área traballaremos sobre todo a linguaxe de programación tanto a través das tablets coma dos ordenadores e dos robots, con:

- ✓ Apps e plataformas como: Scratch JR, code.org...

ROBOXOGO: As actividades desta área serán de afianzar a lateralidade, as ordes dos comandos de programación: dous para diante, xiro a esquerda, tres para adiante, un a dereita,....

Tamén teremos actividades de educación vial e dos medios de transporte pola súa relación cos movementos dos robots.

E-ROBOT: Actividades de listening, reading e speaking na lingua inglesa no marco do proxecto plurilingüe.

ROBOPROXECTO: Proposta de actividades sobre os centros de interese do Proxecto trimestral, sesións conmemorativas, festas tradicionais...

ÁREA: linguaxes comunicación e representación

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
-Expresar verbalmente as características de vocabulario: seguridade vial, medios de transporte,....	-Emprego da linguaxe oral para describir características e obxectos relacionados coa temática.	- Expresa de forma oral con fluidez as características do vocabulario propio da temática.	CCEC CAA CSIEE CCL	- Verbaliza todo tipo de mensaxes, relacionadas coa temática.
- Familiarizarse coa grafía das palabras significativas da unidade.	- Uso de palabras escritas relacionadas co tema a traballar	- Decodifica e escribe palabras significativas da unidade.	CSC CD	- Mostra interese por coñecer o significado das palabras e representalas gráficamente. - Iníciase na lectoescritura de xeito significativo.
- Identificar e decodificar algunhas sinais de tráfico atendendo á súa forma xeométrica e á súa cor.	Observación e decodificación de diferentes tipos de imaxes.	-Levar a cabo decodificacións de imaxes, pictogramas, fotografías, logrando en ocasións que sexa creativa e diferente.		- Identifica a foma dos comandos do robot. - E quen de nomear algunhas sinais sinxelas. - Iníciase na clasificación das sinais de tráfico atendendo á súa forma e cor.

ÁREA: Coñecemento de si mesmo e iniciativa persoal

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>-Concienciarse das súas posibilidades no manexo das Tic e robótica</p>	<p>-Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.</p> <p>-Aceptación positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias</p> <p>-Satisfacción pola realización de tarefas e conciencia de propia competencia.</p>	<p>-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade.</p> <p>-Manifestar confianza nas súas posibilidades e recoñecer as súas limitacións.</p>	<p>CAA CSIEE CSC CCL</p>	<p>- Acepta a axuda e colaboración dos demais integrantes do seu equipo.</p> <p>- Séntese satisfeito por contribuir coas súas capacidades ó traballo encomendado ó seu equipo.</p> <p>-Amosa afán de superación.</p>
<p>-Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.</p>	<p>-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluir os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.</p>	<p>-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá.</p> <p>-Colaborar en tarefas e aceptar as normas.</p>		<p>- Tenta que as súas producións teñan unha presentación clara e agradable.</p> <p>- É ordeado, dentro do agarado para a idade, no seu traballo tanto dentro como fora do equipo cooperativo.</p>

ÁREA: Coñecemento do contorno

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>-Iniciarse nas habilidades matemáticas, comprendendo a noción da cantidade asociada ó seu símbolo gráfico: numerando secuencias, establecendo relación e contando elementos.</p>	<p>-Recoñecemento e emprego do número na vida diaria e a súa funcionalidade (clasificar, numerar, contar, informarse, ordenar elementos).</p> <p>-Emprego de diferentes obxectos da clase como xoguetes de coches para contalos, “repartilos por igual entre os compañeiros” fomentando a elaboración de estratexias propias para cada alumno/a.</p> <p>-Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais</p>	<p>-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.</p> <p>-Comprender a noción de “división” ou “partición” como necesidade para “repartir” obxectos por igual en cantidade entre os compañeiros.</p>		<p>-Emprega a grafía dos números para rexistrar a cantidade de castañas do seu equipo e o total da aula.</p> <p>-Emprega a grafía dos números para elaborar o listado coas obras da exposición.</p> <p>- Empregou a serie numérica para contar e representar a cantidade.</p> <p>-Fai cálculos e estimacións sobre a cantidade de castañas, pedras, follas,...que pode haber nun montón e en total entre todos os equipos.</p>
<p>-Establecer relacións de confianza, afecto e colaboración.</p>	<p>-Colaboración co resto de compañeiros/as na vida da aula,</p>	<p>-Coñecer, comprender e respectar as normas básicas de comportamento na aula.</p>		<p>-Convive na aula respectando as normas básicas.</p> <p>-Colabora con pequenas aportacións.</p> <p>-Axuda a compañeiros que o precisan ou llo solicitan.</p>

5. TEMPORALIZACIÓN DAS SESIÓNS

O proxecto será desenvolvido principalmente polas mestras de apoio á educación infantil nunha sesión semanal de aproximadamente 30 minutos con cada grupo.

Os agrupamentos serán reducidos, procurando facer sesións desdobre, de tal xeito que con cada grupo aula se desenvolvan dous obradoiros semanais (medio grupo/medio grupo).

Escola de Barciela 2 horas ROBOTICRA 4 obradoiros

Escola de Bértola 1 hora ROBOTRICRA. 2 obradoiros

Escola de Figueirido 1 hora ROBOTICRA 2 obradoiros

Escola de Paredes 1 hora ROBOTICRA 2 obradoiros

Escola de Pousada 2 horas ROBOTICRA 4 obradoiros

6. ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN E DIFUSIÓN

As mestras de apoio coordinaranse entre si Todos os mestres titores ou especialistas nas aulas intentarán levar a cabo as mesmas actividades que serán plantexadas tanto polas Comisións TIC de ámbolos dous Centros, como polos coordinadores de Plurinfantil e Biblioteca, EDLG, como polos mestres/as do centro e do outro CRA.

A principal canle de difusión do Proxecto serán os BLogs das cinco escolas. As mestras responsables do obradoiro ROBOTICRA compartirán a través dos BLOGs as actividades que farán na aula para que o resto do profesorado teña a posibilidade de poñelo en marcha na súa escola. Así a comunidade educativa poderá estar informada periodicamente do desenvolvemento das sesións ROBOTICRA.

7. **RECURSOS EXISTENTES**

Para facernos unha idea do estado dos recursos que posúemos este sería o noso inventario:

CRA VILABOA CONSUELO GONZÁLEZ MARTÍNEZ

- ✓ 3 TABLETS con sistema operativo Android
- ✓ 2 Ipad AIR
- ✓ 5 Ipads mini (1 POR ESCOLA)
- ✓ 1 robot IL MIO de Clementoni (EN PRÉSTAMO PERSOAL)
- ✓ 2 robot CYBER ROBOT de Clementoni (EN PRÉSTAMO PERSOAL)
- ✓ 5 BEEBOTS (1 POR ESCOLA), tarxetas beebot e varios paneis.
- ✓ 2 ROBOTS Jack the mouse
- ✓ 1 robot DOC Clementoni



8. **ORGANIZACIÓN ESPAZO - TEMPORAL**

En canto á organización dos espazos, ao ser dous CRAS de sete unidades cada un respectivamente, en cada unha delas ubicarase un recuncho específico fixo para o desenvolvemento das experiencias coa robótica e o uso das TICs ó longo de todo o curso. Tamén empregaremos as bibliotecas de aula como centro de recursos multimedia para obtención de información.

A organización temporal será, por unha banda integrada dentro do horario da aula de xeito globalizado dentro da área ou áreas que os mestres tutores ou especialistas que participen neste proxecto consideren; e por outra banda, en sesións específicas semanais de 1 hora dividida en obradoiros de aproximadamente 30 minutos.

Dentro da distribución grupo-aula comezaranse as experiencias en gran grupo, unindo tanto a etapa educativa de infantil coma a de primaria, xa que na maioría dos casos partimos de cero.

Segundo avance o curso comezaremos a dividir en pequenos grupos, en función dos avances de cada un, xa que debemos ter en conta a diversidade do noso alumnado.

Tamén se farán tarefas de carácter individual para crear un marco comparativo e así poder apreciar os avances ou retrocesos de cada individuo/a.

9. TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

Tal e como recolleemos en tódolos documentos oficiais do centro (**PXA, PE e Plan Xeral de Atención á Diversidade.**) a atención á diversidade é un dos pilares da educación actual. Ó longo deste proxecto coidaremos este aspecto de xeito que en ningún momento se establezan diferenzas entre o alumnado por cuestións de sexo ou condición social. Ó mesmo tempo é importante establecer os medios necesarios para que todo o alumnado acade os obxectivos do proxecto.

Dentro da nosa labor como docentes a diversidade das nosas aulas e un factor presente ó longo de toda a nosa traxectoria educativa, e como tal temos que tela presente en calquera actividade formativa presente no centro.

Neste caso as novas tecnoloxías facilitan a harmonía e a convivencia da diversidade dentro da aula. Dan pé a traballar en equipo respectando as diferenzas ou similitudes que se poidan dar entre o alumnado e a comunidade educativa.

Este proxecto tal é como nos indicará o desenvolvemento das actividades e experiencias didácticas, axudará a crear un clima de convivencia e comprensión.

Por outra banda o alumnado que presente unhas necesidades educativas específicas de apoio educativo este traballo baseado na iconografía fará que o seu coñecemento do mundo será máis global e comprensible.

En caso de que observemos que un ou varios alumnos/as non acaden os obxectivos propostos procederíamos, coa colaboración da mestra das A.L.s e o Equipo de Orientación, a realizar os oportunos reforzos curriculares, adaptando elementos non prescriptivos do currículo (metodoloxía, procedementos de avaliación, secuenciación

de contidos,...) e se fose necesario en colaboración levariamos a cabo as oportunas adaptacións curriculares modificando os elementos prescriptivos que fosen necesarios. Potenciando deste xeito tanto as súas capacidades como respectando as limitacións do alumnado.

Así mesmo, como este proxecto se basea na flexibilidade e respecto polo ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a, en caso de que observáramos de que os obxectivos estarían moi lonxe de alcanzarse ou estivesen acadados moi prontamente, decidiríamos ampliar ou retardar o programa segundo fose necesario.

10. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

Por un lado os nenos/as autoavaliaranse respondendo a un cuestionario figuro analóxico onde poñerán con caras contentas e tristes o seu agrado ou desagrado de cada sesión. Por outro lado, os mestres/as avaliaremos: si se cumpriron os obxectivos que nos propuxemos, si eran os máis adecuados, si os contidos traballados eran suficientes, si os materiais utilizados eran os apropiados,... en cada unha das actividades propostas.

Logo, **trimestralmente** na sesión de avaliación trimestral farase unha posta en común das nosas opinións de mellora e actuación do Plan, que na memoria final do centro quedarán reflectidas e levadas a cabo no plan do vindeiro ano.

En definitiva, constatando os nosos éxitos e erros para buscar plans de mellora para o noso proxecto.

11. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA EN XERAL

A medidas empregadas son fundamentalmente os blogs dos centro e a súa páxina web, pero tamén mandaremos as familias circulares/trípticos do que estamos levando a cabo.

O noso mellor escaparate é a satisfacción das nosas familias e alumnado e o respaldo que día a día nos ofrecen. Tan só esperamos seguir nesta liña, coas mesmas gañas de traballar e innovar de cara a un mundo que aínda ten moito por amosar, as TIC.